



CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE SLALOM 2022



FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: III SLALOM VILA DE AS PONTES

PROVINCIA: A CORUÑA



ORGANIZACIÓN:

O Automóvil Club As Pontes, organiza o III Slalom Vila de As Pontes trofeo ROVIL STUDIO o día 12 de Novembro de 2022, unha proba de carácter nacional, puntuable para o Campionato de Galicia de Slalom.

Esta proba de Slalom disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2022, o regulamento xeral do Campionato de Slalom, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día **13 DE SETEMBRO DE 2022**. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA-043-SL**.

DEFINICIÓN. Un slalom é unha proba de habilidade ó volante, que se desenrolará sobre un pavimento plano, asfaltado, encementado ou co 20% en superficie en terra, que comporta cambios de dirección marcados preferentemente por obstáculos, como conos ou portas.

VEHÍCULOS ADMITIDOS: Admitiranse os vehículos de:

AGRUPACIÓN I: ata 1.200 c.c. (Tracción dianteira, calle e competición).

AGRUPACIÓN II: Desde 1.201 a 1.600 (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN III: A partir 1.601 c.c. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN IV: Tódalas cilindradas (Tracción traseira).

AGRUPACIÓN V: Tódalas cilindradas (Tracción total).

AGRUPACIÓN VI: Vehículos eléctricos 100% ata un máximo de 80kw (de calle).

Poderán participar toda clase de vehículos de turismo, con carrocería pechada ou teito duro, dun mínimo de dúas prazas e que estean homologados, que proveñan de series de fabricación e en posesión da I.T.V. e seguro obrigatorio (SOA).

Autorízase o uso de pneumáticos de competición (slicks ou similares), e prohíbese a utilización dos denominados de: tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.

SEGUROS: Os organizadores contratarán cunha póliza de seguros nas condicións marcadas pola F.G.de A. que garanta unha cobertura mínima segundo a regulamentación vixente (Lei circulación).

CONCURSANTES ADMITIDOS: Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2022 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

INSCRICIÓN: As solicitudes de inscrición admitiranse ata o **07/11/2022 as 20:00 horas**, e a organización remitirá copia á Federación Galega de Automobilismo, por correo ou Fax, antes da celebración da mesma.

O peche de inscricións realizarase, con data límite, cinco días (luns) antes do principio da proba. A relación completa de inscritos, coa adxudicación do número de orde, será aprobada e autorizada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo, despois de comprobar tódalas directrices, para a súa publicación con tres días de antelación ó comezo da proba.



Dereitos de inscrición: 85 €. Aceptando a Publicidade facultativa.
170 €. Non Acepta a Publicidade facultativa.

As solicitudes de inscrición deberanse remitir vía e-mail a:

Entidade: **AUTOMOVIL CLUB AS PONTES. TLFNO: 649370685**

e-mail: **inscripciones@automovilclubaspontes.com**

Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos en:

Entidade: **BANCO SANTANDER** número de conta **ES63 0238 8143 0106 0202 4629**

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

CIRCUÍTO: O circuío de asfalto plan redial nacional, estará emprazado no **CIRCUITO DE KARTING AS PONTES**, no Concello de **AS PONTES**.

DESENROLO DA PROBA:

DATA	HORA	ACTO	LUGAR
12/10/2022	10:00	Apertura inscricións	Automóvil Club As Pontes
07/11/2022	20:00	Peche Inscricións	
10/11/2022	10:00	Publicación lista de inscritos	RRSS Automóvil Club As Pontes
12/11/2022	08:30 a 10:00	Verificacións Administrativas	Circuito de Karting As Pontes
	08:30 a 10:00	Verificacións Técnicas	Circuito de Karting As Pontes
	10:15	Hora límite de presentación dos vehículos no parque de custodia	Circuito de Karting As Pontes
	10:30	Publicación lista de autorizados a tomar a Saída	Taboleiro de Anuncios
	10:35	Briefing aos Pilotos	Circuito de Karting As Pontes
	11:00	Saída 1ª Participante 1ª Manga Adestramentos	
	A continuación	Saída 1ª Participante 2ª Manga Adestramentos	
	15:30	Saída 1ª participante 1ª manga oficial	
	A continuación	Saída 1ª participante 2ª manga oficial	Taboleiro de Anuncios
	21:00	Publicación de Resultados	
	21:30	Rolda de prensa dos 3 Primeiros Clasificados	Circuito de Karting As Pontes
21:45	Entrega de premios	Circuito de Karting As Pontes	

Nota: Levantamento vehículos parque de custodia: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deviñer en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques de custodia**, sen ter que esperar ás entregas de premios.



OFICIAIS DA PROBA:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Jose Luis Pereira Rodríguez DC – 0460 - GA

Comisarios Deportivos:

Presidente D. Moisés García Vázquez CD1ª- 0112-GA-EST

D. Ramiro Fandiño Vázquez CD1ª-0113-GA-EST

D. Edgar Díaz Prieto CD -0773-GA-EST

Observador da F.G.de A.:

D. Borja Arda Fachal OBSª – 0223 - GA

Director da Carreira:

D. Jose Luis Pereira Rodríguez DC – 0460 - GA

Comisario Técnico

D. David Montero Moro JOC - 0224-GA

Xefe de Seguridade Vial:

D. Jose Manuel Paz López en trámite

Responsable Equipos de Cronometraxe:

Dna María pico CD - 054 -AS

Centros asistenciais: C.H.U. FERROL

HOSPITAL XERAL JUAN CARDONA

e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.

Servizo de Guindastres: Desgüaces Vilavella

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, antes da celebración da proba. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD1ª, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

Don Jose Luis Pereira Rodríguez, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC - 0460-GA, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Proba
N.I.F.: 32630292P
licenza DC – 0460 - GA

Entidade: Automovil Club As Pontes
C.I.F.: G15117872

Asdo.: Presidente D. Jose Luis Pereira Rodríguez
licenza DC – 0460 – GA



Asdo.: Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 76416188E
licenza en trámite



PREMIOS: A entrega de premios, será obrigatorio estar presente para ter dereito o premio.

Posición	Premio + Trofeo
1º Xeral	320,00 € + Trofeo
2º Xeral	220,00 € + Trofeo
3º Xeral	120,00 € + Trofeo
4º Xeral	100,00 € + Trofeo
5º Xeral	90,00 € + Trofeo
6º Xeral	80,00 € + Trofeo
Total	930,00 €

Teranse que entregar alomenos Trofeos os 6 primeiros da Xeral Scratch, e os tres primeiros de cada agrupación, así como o primeiro de cada copa de iniciación ou debutantes.

CLASIFICACIÓNS: Autorízanse mangas de adestramentos adicionais a decisión do Organizador. Celebraranse 3 mangas cronometradas, unha manga de adestramentos-recoñecemento, e dúas oficiais. A participación na manga de adestramentos será **OBRIGATORIA** sen penalizacións.

As **DÚAS** mangas oficiais serán **OBRIGATORIAS** e para establecer a clasificación final, só se tomará o tempo acadado na mellor das dúas mangas disputadas polo participante, e sempre con penalizacións incluídas. A non participación dun piloto nunha das mangas oficiais será motivo de expulsión da clasificación final da proba.

A cronometraxe efectuarase a milésima de segundo con células fotoeléctricas.

Para obter o tempo oficial dun participante realizarase a resta entre a hora real de chegada e a hora real de saída. O piloto terá un prazo de 10 segundos para tomar a saída dende o momento no que o cronometrador o autorice a facelo.

Na chegada, as células fotoeléctricas teranse que poñer na entrada ao “garaxe”, no que o participante deberá deter por completo o vehículo sen tirar ningún pirulo ou cono. Unha vez acadado o tempo resultante do cronómetro aplicaranse as penalizacións. No caso de empate, decidirse en favor do vehículo de menor cilindrada.



PENALIZACIÓN: Segundo describe o C.D.I., durante a proba, haberá Comisarios Deportivos debidamente licenzados, nomeados como xuíces de feitos para aplicar as faltas como segue:

FALTA	PENALIZACIÓN
Tirar un cono das lindes do garaxe	5 Segundos
Sobrepasar a raia final do garaxe ou non entrar nel	5 Segundos
Non face-lo stop, ou sexa, non parar totalmente dentro do garaxe	5 Segundos
Por saída falsa, penalizarase por cada segundo de adianto	10 Segundos
Por desprazar ou tocar un cono ou pau da porta	10 Segundos
Por non pasar unha porta, ou pasar un cono polo lado contrario, ou non efectuar unha volta completa (por cada falta). A acumulación de dúas destas faltas, na mesma manga, suporá a exclusión da mesma, pero validando a participación sen tempo	20 Segundos
Por non efectuar o percorrido marcado	60 Segundos
Por recortar os números ou varia-lo lugar destinado	60 Segundos
Por desacato ou menosprezo a un comisario	EXCLUSION
Por recibir axuda do exterior	EXCLUSION
Por condución agresiva ou perigosa	EXCLUSION
Non cumprimento das normas de parque de custodia ou de traballo	EXCLUSION

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS			
REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
UNICA	12 de novembro de 2022	09:00	SALA DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS _Circuito de Karting

ADVERTENCIA: O croques terá que ser o mesmo ó que se leve a bo termo o día da proba, baixo a exclusiva responsabilidade do Director da proba e do Presidente da Entidade Organizadora, así como do Xefe de Seguridade Vial.

NOTA: Ante a proliferación do incumprimento da normativa, **en materia de non axustarse o percorrido tipo de Slalom**, e de facer unha mini proba de velocidade con portas, a Comisión de Slalom acorda: O Observador, inspeccionará o trazado antes da celebración da proba, e terá plenos poderes para evacuar un informe vinculante que poderá iniciar expediente de anulación da proba do Campionato de Galicia de Slalom 2022; con posterior traslado da denuncia ó T.G.A. da Federación Galega de Automobilismo. Informase que o citado informe do Observador pode conlevar que a proba non puntúe nin bloque resultados, quedando anulada do Campionato de Galicia de Slalom 2022, a tódolos efectos; con posibilidade de esixir danos colaterais dos pilotos ós organizadores.



TRAZADO DO CIRCUITO CON DISTANCIAS

UBICACIÓN	COR
PARQUE PECHADO	Verde
PARQUE DE TRABALLO	Azul
VERIFICACIONS TÉCNICAS	Verde
VERIFICACIONS ADMINISTRATIVAS	Azul
SALIDA	Verde
META	Azul
AMBULANCIA A1 e A2	Verde
EQUIPO R	Azul
GRUA	Verde
Perccorrido total	1345 m





ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.- Amparándonos no artigo 27.2 do noso Estatuto de Autonomía, onde Galicia ten a competencia en materia de deporte en **“exclusiva”**, por acordo de Xunta Directiva e Comisión Delegada, de data 1 de Outubro de 2020, e refrendo da Asemblea, emitirase **“LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS”** que habilitarán para participar en probas Autonómicas de Galicia.

A Federación Galega de Automobilismo entende que é posible a convivencia de ambas licenzas **“LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA E LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL”** a vista do declarado polo Tribunal Constitucional en sentenza 32/2018 do 18 de abril de 2018. Así mesmo en apoio desta tese, o Xulgado Central do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, ditou sentenza do 22 de Setembro de 2020 nos autos de recurso contencioso administrativo 13/2019 na que estimando a demanda interposta polo Presidente da Federación Galega de Piragüismo fronte a resolución do 8 de marzo de 2019 do “Tribunal Administrativo do Deporte” declara a nulidade da mesma e condena as demandadas, “Tribunal Administrativo do Deporte” (do C.S.D.) e “Real Federación Española de Piragüismo” a pasar pola devandita declaración. Déixase polo tanto sen efecto as sancións, económica e de inhabilitación, que se lle impuxeron ao Presidente da Federación Galega de Piragüismo por emitir **“LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS”** nas tempadas de 2015, 2016, 2017 e de 2018.

Na resolución ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, polo que ós licenciados de Galicia lles interesa razoase que:

Como resultado das alegacións das partes a F.G. de P. só ingresou a R.F.E. de P. a parte correspondente a mesma das **“LICENZAS AUTONÓMICAS ÚNICAS-ESTATAIS” tramitadas na Galicia, e non así as da parte das “LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS”, por entender que coexisten estes dous tipos de licenzas, e que non procede neste último caso.**

O Tribunal Constitucional na súa sentenza de pleno, número 33/2018, de 12 de Abril do 2018, recurso de inconstitucionalidade número 3447/2015, apreciou a inconstitucionalidade do que se denomina efecto **“transversal”** ou **“horizontal”** da **“LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL”**, non o **“vertical”** o que impide declarar a nulidade do precepto impugnado no seu conxunto, o artigo 23 da Lei 15/2014, de 16 de setembro, da racionalización do sector público, polo que se modificou o apartado 4 do artigo 32, da Lei 10/1990 do Deporte, realizando no seu lugar unha interpretación do mesmo conforme á Constitución (FJ 3º Letra F).

Trátase dunha resolución xudicial que xunto á xa mencionada do Tribunal Constitucional supón devolver ás Federacións Autonómicas de Galicia as “competencias exclusivas” de que foron privadas coa modificación do artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.

-.- Ademais nun momento como o presente no que as dificultades para o **“deporte de base”** víronse agravadas pola pandemia do Covid-19 supón unha conquista para o Deporte Autonómico de Galicia xa que suporá abaratar custos (o 90% só participan en probas autonómicas de Galicia) ós deportistas que unicamente queren participar en probas autonómicas e poderán obter unha **“LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA”** cun custo inferior.

A decisión tomouse para beneficiar economicamente os licenciados autonómicos, que participarán con **“Licenza Autonómica Galicia-Exclusiva”** en probas autonómicas (non estatais) co conseguinte abaratamento.

2.- A vista de que varias federacións non esixen para a obtención de licenza de piloto ser titular dun permiso de condución como modo de verificar que o condutor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, a **Federación Galega de Automobilismo non permite a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de condución, expedido pola D.G.T. ou organismo equivalente doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública**, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos pechados (circuíto de velocidade, circuíto de autocross, ou circuíto de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), **implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da “Federación Galega de Automobilismo”**, a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á “Federación Galega de Automobilismo” para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houberse lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2020, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e demais eventos a celebrar a celebrar en Galicia: A.- **Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga os labores de asistencia. B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba.** C.- Todo participante que non sinala na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

5.- **Tódolos Campionatos, Supercampionatos, e Copas de Galicia, a partir da tempada 2022 inclusive, serán considerados “OPEN”; agás a PXP 23 Junior, as Fórmulas de Promoción, e para participar e puntuar nestas, só se poderá coas as Licenzas Autonómicas de Galicia Exclusivas.**

6.- Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da “Federación Galega de Automobilismo”, adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2022, sexan considerados “Open”.

7.- Así mesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da “Real Federación Española de Automobilismo”, **non serán expedidas nin admitidas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, nin forman parte da regulamentación deportiva da “Federación Galega de Automobilismo”, os permisos de participación (ER, COR, PPP, PPC, PPK)**, posto que son permisos que outorgan dereitos restrinxidos ou limitados a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na “Federación Galega de Automobilismo”, e por tanto incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia que establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das **“Licenzas Autonómicas de Galicia-Exclusivas”**, no seu apartado terceiro, que no seu caso, estas outorgarán, ao seu titular a condición de membro da Federación Galega de Automobilismo, **que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación Galega de Automobilismo, con dereito a voto, e ser elixible nos procesos electorais da Federación Galega de Automobilismo.** As Licenzas Autonómicas Únicas Estatais, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na Federación Galega de Automobilismo.

8.- A Licenza que dá **dereito a voto**, e ser elixible nos procesos electorais da “Federación Galega de Automobilismo” e a **“Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva”**. A **“Licenza Autonómica Única-Estatal”** non dá ningún dereito a voto, nin outorga a condición de elixible nos procesos electorais da “Federación Galega de Automobilismo”.

9.- Poderase participar e puntuar, sen ningún tipo de discriminación, en tódolos Campionatos de Galicia de Automobilismo coa **“Licenza Autonómica Única-Estatal”** e coa **“Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva”**.

10.- **Se calquera licenciado autonómico quixera ampliar a súa licenza a Autonómica Única-Estatal terá que aboar , a maiores, o 25% que se lle ten que aboar a “Real Federación Española de Automobilismo” mais quince euros de gastos de tramitación, impresión, envío por mensaxería, e notificación de alta no arquivo da “Real Federación Española de Automobilismo”.**

11.- **Convivencia da “Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva” e da “Licenza Autonómica Única-Estatal” para a tempada de 2022 e vindeiras.**